



UNIDADE 4

A vida é puro teatro


**Nesta unidade imos escribir unha escena para unha obra de teatro.
Para iso, imos aprender:**

- ◆ *marcadores e construcións temporais: **mentres, mentres tanto, ao** + **infinitivo***
- ◆ *algunhas perífrases verbais: **volver** + **infinitivo, seguir** + **xerundio...***
- ◆ *a describir accións con adxectivos, xerundios e adverbios*
- ◆ *verbos pronominais*
- ◆ *a describir os movementos e a situación de persoas e cousas*
- ◆ *a describir estados de ánimo*
- ◆ *a falar da postura corporal*
- ◆ *algúns usos de **pór/poñer, botar** e **quedar***
- ◆ *vocabulario do ámbito do teatro e de actividades cotiás*

1. A FIESTA BALDEIRA

A. Le o resumo e a escena da obra *A fiesta valdeira*, de Rafael Dieste, que aparecen a continuación. En que cres que consiste o cadro? Que motivos pode haber para que non lles guste aos protagonistas? Coméntao cos teus compañeiros.

- Non sei, seguro que é un retrato da familia de don Miguel.



DON MIGUEL, antigo mariñeiro que fixo fortuna no Brasil encárgalle un cadro ao pintor Antonio. Conversa coa súa muller Balbina acerca do contido do cadro.

SEGUNDO LANCE

Na casa de don Miguel e na mesma sala. Vai caendo o sol e, cando rematen as escenas derradeiras, será xa anoitecido. Don Miguel e dona Balbina. Ela sentada. El, caviloso, vai dunha banda á outra.

DON MIGUEL: Eu coido que o pintor ten razón en se opoñer. Un pintor non é un xastre remendafoles.

DONA BALBINA: Faiche o retrato de balde?

DON MIGUEL: Que xeito tes de discorrer, Balbina. Non me fai o retrato de balde, pero cando llo encarguei non lle puxen esas condicións que agora se vos antollan.

DONA BALBINA: Pois que cobre o seu traballo, o que fixo e mailo que agora se quere que faga. Pero empeñarse en nos deixar un cadro que non nos guste...

DON MIGUEL: Se el non se empeña, Balbina! El, xa o dixo, está disposto a levar o cadro, mais non a emendalo, aínda que lle enchamos os petos de ouro.

DONA BALBINA: Levalo el! Para mostrarllo a quen se queira rir á nosa conta! Non. Primeiro págaselle e ráchase. Ou chámase outro pintor para que faga a emenda.

DON MIGUEL: E coidas ti topar outro pintor que, en sabendo a historia ou en vendo o cadro, queira remendalo? Mira Balbina que os artistas de hoxe poden non ter moi listas as loanzas para a obra dos demais, pero poñerlle man... Como non queiras que chame a calquera pintaportas...!

DONA BALBINA: Eu o que digo é que non fuches dabondo enérxico. Dándolle a razón en todo, como había de che facer caso? Cando veña outra vez, falo eu con el.

DON MIGUEL: (*Alarmadísimo*) Non, Balbina, non. Falareille eu do xeito máis arroutado que poida, pero ti non. (*Mira o relaxo*) Coido que xa non tardará en vir. (*Pausa*) Como non viría hoxe Baldomero? Nin onte, nin noutronte. Cantos días hai que non vén? (*Cismando*) Catro. Si, catro. A última vez que falamos non era o de sempre. Nin sequera me quixo aconsellar niso da emenda. Foise escapulindo, escapulindo, e nada me dixo.

DONA BALBINA: Que falla nos fai o seu consello? Ese Baldomero vaime parecendo máis raposo e, sobre todo, máis grusmia, do que sempre coidei.

DON MIGUEL: Grusmia! Onde se lle veu endexamais a envexa a Baldomero? Grusmia de que e de quen?

DONA BALBINA: Ben sei o que falo.

DON MIGUEL: E que díaños tería que ver iso que dis que sabes con ese cadro?

DONA BALBINA: Ben sei o que falo.

DON MIGUEL: Remataredes virándome tolo. As cousas ruíns, que non se poden dicir ben claras porque a vergoña non deixa dicilas, deixádelas abicar e agachádelas deseguida co empeño de que eu pola miña conta entenda o que non quero entender. Porque non quero ter ese entendemento, Balbina! (*Preocupadísimo*) Grusmia, grusmia...

DONA BALBINA: Xa sei que non queres entender nada. Vivir ás escuras e moi contento é o que fai a túa gloria. E mentres...

DON MIGUEL: Outra vez... Mentres, que!

DONA BALBINA: Mentres, vante rodeando os afagadores, rabuñando os grusmias e desprezando a xente soberbia.

DON MIGUEL: Coidarás que te entendín. Afagadores, grusmias, soberbios...

DONA BALBINA: Xa me dará a razón o tempo. (*Silencio longo e resentido*).

B. Agora le o seguinte fragmento e descubrirás en que consiste o cadro. Coincide con algunha das túas predicións?

PRIMEIRO LANCE

Na casa de don Miguel, vello de boa planta que foi mariñeiro na súa mocidade e fixo despois fortuna no Brasil. A súa indumentaria –traxe azul, botinas longas e esguías, camisa ocre de punto con gravata do mesmo tecido, e boina que ata na casa leva posta– recorda, o mesmo que as súas estreitas patillas wagnerianas, a moda mariñeira do seu tempo. Non lonxe dunha grande fiesta por onde se ve a ribeira, as lanchas coas velas ou as redes postas a secar, o peirao vello e os montes esvaecidos por unha brétema liviá –galope azul da outra banda do mar– parola don Miguel co señor Baldomero, antigo e sabio mariñeiro que hai moitos anos foi con el á escola. (...)

DON MIGUEL: (*Mirando o cadro de preto, despois de obter algún convencemento íntimo*) De preto, ben. (*Afástase e repite o xogo*) De lonxe, ben. (*Como xa non se pode afastar máis mira o cadro polo anteollo do revés*) Dende máis lonxe, ben.

(*Entra dona Balbina*)

Balbina! Balbina! (*Lévaa preto do cadro. Interrogante*) De preto, ben, non?

DONA BALBINA: (*Como se non estivese moi convencida, pero compracente*) Non está mal, non.

DON MIGUEL: (*Arredando á súa muller do cadro*) E de lonxe?

Dona Balbina: Non me desgusta.

DON MIGUEL: (*Dándolle o anteollo*) Mira agora dende máis lonxe, (*Dona Balbina colle o anteollo asombrada*) si, co anteollo. (*Véndoa perplexa*) Do revés...

(*Dona Balbina rise, mais como ten algo que lle pedir ao seu home, cede con resistencia agarimosa*)

DONA BALBINA: (*Mirando polo anteollo*) Non che abonda toleares ti. Queres que os demais toleen tamén. Vaia, ségueme gustando, (*Deixa o anteollo*) pero poida que non lle viñese mal unha emenda...

DON MIGUEL: (*Entre inquedo e ledó*) Cal?

DONA BALBINA: Cal ha de ser? A que che dixo Donosiña. A que che acaba de dicir hai un pouco.

DON MIGUEL: (*Con sorpresa*) Donosiña non me falou de ningunha emenda!

DONA BALBINA: Fariaste o desentendido, que ela ben claro falou...

DON MIGUEL: Escoita, Balbina. Eu xa vos teño dito que son moi rudo de entendemento. Eu sei que dúas e dúas son catro, pero se para mo dar a entender vos contentades con chiscarme un ollo, abofé que non entendo lisca. Son moi rudo.

DONA BALBINA: Raposón! Vaia, ti queres ou non que lle quiten a fiestra ao cadro?

DON MIGUEL: Donosiña non me falou de lle quitar a fiestra.

DONA BALBINA: (*Fuxindo de preitos*) Supoñamos que non. Fáloche eu. Canto mellor non lle quedaría un fondo de xardín fidalgo ou cousa de xeito semellante! Ademais esa fiestra, véndose as lanchas, o peirao, as redes...

DON MIGUEL: Gústame moito.

DONA BALBINA: (*Seria, reconcentrada e agarimosa*) Porque tes os ollos pechados. Ninguén, non sendo ti –que se non es rudo es confiado de máis– ignora o que o pintor vén dicindo con esa fiestra.

DON MIGUEL: E que vén dicindo?

DONA BALBINA: (*Reprochadora e cariñosa*) Babián, babián... Vaia dunha vez: vén dicindo que fuches mariñeiro. Iso é.

DON MIGUEL: (*Moi abraiado pola dialéctica, pero comprendendo*) E non o fun? E non o son aínda por dentro?

DONA BALBINA: Contigo non hai quen poida. Mellor verías a casa asolagada polas bágoas de Donosiña que darlle gusto en cousa tan pequena. (*Confidencial*) Ti coidas que sería ben, cando deamos consentimento para que Mariñas entre na casa, ao lle mostrar ese retrato con esa fiestra que o está dicindo todo? Ben certo é que Mariñas está perdido pola nosa nena, pero as cousas...

DON MIGUEL: (*Serio. Serio de vez*) Abonda. Que veña Donosiña.

DONA BALBINA: (*Agradecida, pero non moi segura*) Xa sabía eu que...

DON MIGUEL: Abonda. Que veña Donosiña.

DONA BALBINA: (*Indo buscar a Adelaida*) Porque ela non o fai por ela. Faino tamén por ti. O seu triunfo ao fin é teu... O seu señorío...

DON MIGUEL: (*Furioso, conténdose*) Abonda! Que veña Donosiña! (*Mentres desaparece dona Balbina, don Miguel pasea alporizado. Detense cando entra Adelaida coa nai*).

DON MIGUEL: Di, Donosa, o que queres.

ADELAIDA: Cantas veces quere que llo digan?

DON MIGUEL: Di Donosa, o que queres.

DONA BALBINA: Dío, rapaza.

ADELAIDA: (*Medio a cantar como por burla mimosa*) Quero que en troques desa fiestra, que xa sabemos o que vén dicindo, leve o cadro outro fondo máis señor.

(*Cun falar máis espido e cortante*)

Ter fachenda da pobreza de onte ou de hoxe é ter fachenda ben cativa. E máis cando hai outras cousas por diante...

DON MIGUEL: Non fagas frases enleadas e bonitas a conta do que me custou deixar de ser pobre para que ti aprendeses, con mestres que eu non tiven, a facer frases enleadas e bonitas. Eu non teño fachenda da pobreza. Nin sequera do esforzo que me custou saír dela. Sinto, si, un certo orgullo alá por dentro, pero bah!, ben pouco, Deus ben o sabe, e que a ninguén ofende. Escoita: ter sido mariñeiro é para min algo máis, moito máis, que ter deixado de ser pobre. Pero iso ti non o entendes, porque tampouco os teus mestres, pobre de min, o entenderon nunca. (*Vendo a Donosiña chorar*) Non chores, non chores, que iso non é ser tenra nin boiña. Se o foses, non me farías endexamais ese agravio que... Abonda! Vaite.

C. En grupos, por que non facedes unha lectura dramatizada do fragmento que aparece na sección **B**?



Rafael Dieste (Rianxo 1899 – Santiago de Compostela 1981) foi un dos grandes dramaturgos galegos, xa que tentou a renovación da escena galega. Con quince anos interrompeu os seus estudos para viaxar a México, onde vivía un irmán seu. De volta a Rianxo, iniciouse na literatura xunto co seu amigo Manuel Antonio e, da man de Vicente Risco, no federalismo e nacionalismo. Colaborou

con varios xornais como o *Faro de Vigo* ou *El Pueblo Gallego* e en 1926 publicou o libro de relatos *Dos arquivos do trasno*. En 1932 trasladouse a Madrid e, durante a Guerra Civil, formou parte da Alianza de Intelectuais Antifascistas e foi director do Teatro Español. Ao final da Guerra Civil, despois de estadias en diversos países, instalouse en Bos Aires e, de 1948 ata 1952, aceptou un posto de lector de Lingua e Literatura Española na Universidade de Cambridge. En 1954 regresou a Bos Aires, onde apareceu a versión definitiva da súa obra de teatro *A fiestra valdeira* (1958). En 1961 volveu a Rianxo onde permaneceu ata a súa morte. En 1970 ingresou na Real Academia Galega.



2. FRAGMENTOS

A. Estes fragmentos pertencen a diferentes obras de teatro galegas. Fíxate nas didascalias e completa o cadro.

FRAGMENTO 1. *Don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro.

XORNADA PRIMEIRA

(...)

O coro baixa despacio polas escaadeiras. Un fato de xentes escuras, sin idade nin sexo, que visten roupas pardais ou da color do fume e do mofo, que arrimadas ás paredes se confunden coela. A parte do Coro vana decramando, como por turno, as xentes estas, adiantándose do mesto grupo pra decila, e voltando presto a anónimo. Voces, as do Coro, súpetas unhas, apaixonadas outras, outras graves e refrexivas.



ESCENA I

O CORO

Deténdose na metade da escaadeira, apoiando as mans na varanda.

¡Benvidos a Elsinor, señores! Aquí en Elsinor todo temos pechado por mor do vento. Non hai no mundo lugar máis venteado que Elsinor.

FRAGMENTO 2. *Zardigot*, de Euloxio R. Ruibal.

Subitamente, entran o Capitán e mais o Sarxento. Póñense a "cheirar" pola casa. Logo silencio.

Xaquín: Non teñen dereito...

Capitán: Chissss... *(Nesta escena, falará sempre con voz monótona, sen subila xamais)* Hai un anaco, estivo aquí o Lagorcio...

Xaquín: Aquí non estivo ninguén.

Sabela: *(Moi medoñenta)* Que foi papá? Que queren?

Sarxento: Ti vén para aquí, bolboretíña. E cala... As rapazas estades máis boniteiras así... *(Apértalle os beizos con forza)*



FRAGMENTO 3. *Comedia bífida*, de Manuel Núñez Singala.

San Pedro: *(Rápido, sen apenas escoitar o seu interlocutor)* Non señora, isto non é unha lavandaría industrial. Tan difícil é entendela? (...) Eu que sei, pois merque unha lavadora. *(Colga, brusco, a punto de perder os papeis.)* Ben... *(De súpeto, vendo o Arcanxo que continúa en transe.)* E ti que fas aí de xeonllos? Levanta, ho. *(Fai un par de inspiracións profundas para recuperar a calma e retomar o fío.)* Ben, sendo así deixámolo visto para sentenza. A acusada pódese retirar. *(Entran un par de anxos que custodian a Diña e a acompañan ata a sala)* Agardará fóra ata que o xurado tome a súa decisión. *(Aos membros do xurado)* Advírtolles que, para axilizar os trámites, non se pronunciarán agora, senón ao final da vista, cando xa teñan pasado por esta sala todos os acusados. Iso tamén lles proporcionará tempo para a reflexión.




FRAGMENTO 4. *As actas escuras*, de Roberto Vidal Bolaño.

Entra Rosarito

Rosarito: ¡Xa está ben, Casiano! ¡Déixao tranquilo!

Don Mauro (a Casiano): Nen caso, sobriño. Mira se garda o que eu penso.

Rosarito: ¡Tanto sentido ten un coma o outro! *Abre a carpeta e mira o que contén. Son unha chea de papeis soltos, escritos á présa. E un fato de folios lacrado de caligrafía coidada e aliñación precisa.*



	COMO?
O coro baixa polas escaadeiras	
As xentes estas van declamando a parte do coro	
O coro deténdose na metade das escaadeiras	
O Capitán e mais o Sarxento entran	
O Capitán falará	
Sabela pregunta	
San Pedro contesta ao teléfono	
San Pedro colga o teléfono	
Os papeis soltos foron escritos	

B. Recolle as palabras que escribiches en **B** e clasifícaaas, no teu caderno, segundo a súa categoría gramatical.

ADVERBIO/LOCUCIÓN ADVERBIAL
ADXECTIVO
XERUNDIO
PREPOSICIÓN + NOME
PREPOSICIÓN + INFINITIVO

3. CON SE, SEN SE OU CON LLE?

A. A partir dos debuxos, inventa unha continuación para cada unha das seguintes frases.



1. Susa agóchase

2. Susa agocha



3. Susa agóchalle

4. Susa érguese



5. Susa ergue



6. Susa érguelle



7. Susa tírase



8. Susa tira



9. Susa tíralle

B. Lembras algún outro verbo que pode funcionar como os da actividade anterior? En parellas, create frases nas que se evidencien os tres significados. Logo, contrastádeas coas dos demais compañeiros.

4. NO ESCENARIO

Entre estes dous momentos dunha obra teatral só pasaron uns segundos. Que cambiou? Que non?



- Poñerse de xeonllos/Axeonllar
- Arrimarse/Achegarse
- Poñer/Quitar algo
- Botar(se) a rir/chorar
- Seguir facendo algo
- Deixar de facer algo
- Erguer/Levantar



• Na primeira escena, o home está de pé; na segunda...



Describir accións

Para precisar como se realiza unha acción, podemos empregar varios recursos.

ADVERBIOS

- Saíu **amodiño** en canto nos viu chegar.
- Arrimouse e **bicoulle rapidamente** a cara.

ADXECTIVOS

- Sempre **volve triste** do traballo.
- Iria **miraba curiosa** a todos os invitados.
- **Impaciente, colle** o teléfono e **marca**.
- **Recolle** os folios **desconcertada** e volve poñelos no escritorio.

XERUNDIOS

- **Entra** don Camilo pola dereita **levando** varios paquetes.
- **Chorando, abandona** a escena e métese no camerino.

CON/SEN + SUBSTANTIVO

- **Con desgana, érguese** e marcha.
- **Mírao sen medo** e dílle toda a verdade.

SEN + INFINITIVO

- Nunca **cruces** a rúa **sen mirar**.
- **Decidiuno sen pensar**.

Perífrases verbais

Volver + infinitivo (= facer outra vez)

- Se **volves falarme** así, marcho.

Acabar de + infinitivo (= ocorrer nun pasado moi recente)

- **Acabas de chegar** e xa pensas saír de novo?

Deixar de + infinitivo (= interromper algo)

- Dende que **deixei de fumar** síntome moito mellor.

Botar(se) a + infinitivo

Poñerse a + infinitivo (= comezar a facer algo)

- Nada máis chega á oficina, Suso **ponse a dar** ordes a todos.
- En canto lle dixen que marchaba, **botouse a chorar**.

Seguir + xerundio (= continuar cunha acción)

- Xaime **segue saíndo** con Marisol, a súa primeira moza.

Dar en + infinitivo (= coller o costume de facer algo)

- Agora Eva **deu en chamarme** todas as noites para contarme a xornada.

Andar a + infinitivo

Andar + xerundio (= prolongar unha acción no tempo)

- Filipe **anda a botar/anda botando o millo**.

Levar + xerundio (= ocorrer unha acción dende hai certo tempo)

- Antón e Ana **levaban vivindo** tres anos xuntos e decidiron casar.

Levar + participio (= indicar que unha acción ocorreu en varias ocasións ou que se trata dun proceso continuado)

- **Levo visitado** esta vila unhas cantas veces.
- Como Ana **levaba feita** só a metade dos deberes, súa nai non a deixou ir xogar.

Dar + participio (= indicar a imposibilidade ou dificultade de rematar ou cumprir unha acción)

- Non sei se **darei feito** isto antes do xantar.

Vir a + infinitivo (= indicar a solución ou o resultado final dunha acción ou proceso)

- Pois o rapaz que coñecemos naquelas vacacións en Cangas **veu a ser** un grande amigo meu.

Ter + participio (= indicar a reiteración dunha acción)

- **Téñoche dito** mil veces que non vaías a esa discoteca.

! Nas perífrases con participio, é posible que este se flexione, concordando co complemento.

- **Levo lidas trinta páxinas deste libro.**
- **Non darás rematada a tese antes da voda.**

Non obstante, co verbo **ter**, cando o participio concorda co complemento, non se trata dunha perífrase, senón do seu emprego como adxectivo.

- **Teño feito esta ruta outras veces.** (perífrase)
- **Xa teño terminados os informes.** (adxectivo).

Tampouco se consideran perífrases as construcións nas que o participio concorda co suxeito, funcionando como un predicativo deste.

- **Miña nai leva ocupada todo o día.**
- **Os nenos seguían espertos cando volvemos da festa.**

Estados de ánimo

Para expresar sentimentos ou estados de ánimo podemos empregar, entre outros, os seguintes adxectivos, que poden aparecer co verbo **estar** ou acompañando unha acción.

desolado/a	apesarado/a	nervioso/a
impaciente	alarmado/a	ledo/a
amouchado/a	contrariado/a	descomposto/a
tímido/a	sorprendido/a	entusiasmado/a
malhumorado/a	alegre	alterado/a
enfadado/a	triste	molesto/a

- **Enfadada, levántase e marcha.**
- Ana estes días **está moi nerviosa**. Non sei o que lle pasa.


Postura corporal

estar	sentado/a, agachado/a, deitado/a
	boca arriba, boca abaixo
	de pé, de xeonllos
	de crequenhas

Mudanza de postura



Está sentado/a



Ponse de pé/Levanta



Séntase



Queda sentado

estar/quedar de pé, de xeonllos, de perfil, de costas...
sentado/a, deitado/a...

poñerse de pé, de xeonllos
boca arriba, boca abaixo
en crequenhas

Moitos verbos que expresan movemento e mudanza de postura son reflexivos, polo que se combinan cos pronomes **me/te/se/nos/vos/se**.

achegarse	arrimarse	afastarse
deitarse	poñerse de pé...	erguerse
sentarse*	tirarse	moverse
inclinarse	axeonllarse	darse a volta

* O verbo **sentar** admite o emprego con ou sen o pronome reflexivo:

- **Sentou(se)** no sofá e botou varias horas lendo.

Usos de pór/poñer(se)

Este verbo, entre outros usos, combínase con adxectivos para expresar mudanzas que adoitan ser temporais e referirse á saúde, ao estado de ánimo ou ao aspecto físico. Xeralmente ten un emprego reflexivo, pero nunca cando é equivalente a *vestir*.

- **Ponse** de pé e comeza a andar.
- Sempre **se pon** enfermo cando chega o outono.
- Por que non **pos** esa camisa?

Usos de botar

- Por que non **botas esa saia** no cesto? (= deixar caer algo nalgún sitio)
- A roseira do xardín acaba de **botar novos abrochos**. (= producir ou xerar unha nova parte)
- **Botárono da empresa** porque sempre se metía nalgún enleio. (= obrigar ou facer marchar dalgún lugar)
- Mañá pola tarde a nova canle **botará un concurso** que nos gusta. (= emitir algo un medio de comunicación)
- **Botou tres días** na aldea cuns parentes. (= permanecer ou investir algún tempo en algo/algún lugar)
- Terei que **botar un discurso** na festa de inauguración da tenda. (= proferir, dicir ou pronunciar)
- **Bótalle esta crema** á ferida da perna. (= aplicar)
- En canto viu que a filla corría perigo, **botouse á auga** para salvarla. (= lanzarse ou precipitarse bruscamente)
- **Cantos anos lle botas** a Brais? (= supoñer ou calcular)
- A vindeira semana xa comezaremos a **botar o millo**. (= plantar, sementar)
- Este ventilador **non bota moito aire**, non? (= deixar saír de si, desprender)

Dous usos de quedar

Quedar, á parte doutros valores e significados, pódese combinar con adxectivos e participios en función de adxectivos, expresando o paso a un novo estado.

- *Cando viu a serpe, Marta **quedou paralizada** de medo.*
- *Cando Xulía marchou, **quedei** moi triste.*

Polo xeral, **quedar** non se usa co pronome reflexivo, aínda cando teña o significado de “permanecer”.

- *Os meteorólogos recomentan que a xente **quede** na casa debido aos fortes ventos previstos. (= permanecer nun lugar)*
- *Onte **quedei estudando** na biblioteca ata as doce. (= permanecer desenvolvendo unha actividade)*

Marcadores modais e temporais

Para indicar que unha acción se produce de maneira inesperada ou brusca, empregamos **de pronto**, **de repente** ou **de súpeto**.

- *Marta está lendo cando, **de súpeto**, aparece unha figura misteriosa en escena.*

Para falar de accións que ocorren simultaneamente podemos empregar **mentres**, **mentres tanto** ou **ao + infinitivo**.

- **Mentres** cea, ve o telexornal.
- *Esperei media hora na consulta do médico e, **mentres tanto**, lin o último acto da peza.*
- **Ao saír** da oficina deime de conta de que me quedarán as chaves.



5. E TI? QUE FAS?

Estes son algúns dos costumes de Antonio. Coincides con el en algo? Coméntao cun compañeiro.



- **O primeiro que fago ao erguerme é** poñer as lentes.
- **Lavo os dentes** mirándome ao espello.
- **Poño a cafeteira ou a teteira e, mentres tanto,** dúchome.
- **Sempre almorzo** de pé escoitando as noticias da radio.
- **Ao saír da casa,** sempre pecho a porta con chave.
- Acostumo facer pasatempos **mentres vou en tren ou en autobús á facultade.**
- **Ao chegar á clase,** sempre saúdo aos meus compañeiros dándolles a man.
- **Ceo** sentado no sofá vendo a tele.
- Cando me deito, normalmente **quedo durmindo lendo un libro.**
- Adoito falar **mentres durmo.**

• *Pois eu ao erguerme, o primeiro que fago é...*

6. COMO O INTERPRETAS?

A. En parellas, interpretade por quendas as seguintes frases nas diferentes situacións que se proponen. O compañeiro terá que adiviñar a cal corresponde a vosa interpretación.


1 Abres a ventá?

- Estás morrendo de calor. (Irritado/a)
- Non queres que abran a ventá porque tes frío. (Sorprendido/a)
- Acabas de erguerte, tiveches un pesadelo e o cuarto está a escuras. (Angustiado/a)



2 Por que non marchas?

- Acabas de pelexar cun amigo. (Enfadado/a)
- Un amigo ten moitos problemas e aconséllaslle cambiar de aires. (Amable)
- A un amigo ofrecéronlle un traballo fantástico noutro país e non quere ir. (Estrañado/a)



3 Non me asustes!

- Un amigo sorpréndete polas costas dando un berro. Ti odias ese tipo de bromas. (Malhumorado/a)
- Dinche que che tocou a lotaría. (Alegre)
- Acábaste de mudar a unha casa moi antiga e dinche que hai pantasma. (Angustiado/a)



4 Non podo máis!

- Acabas de comer tres pratos de callos. (Farto/a)
- Queres divorciarte. (Desesperado/a)
- Estiveches facendo deporte toda a tarde. (Derreado/a)



B. Agora vas escoitar as frases anteriores. A que situacións corresponden?

7. DIDASCALIAS

A. En grupos de tres, escollede un destes fragmentos da obra *Limpeza de sangue* de Rubén Ruibal e escribide as didascalias nos vosos cadernos. Dous serán os intérpretes e un o director. Preparade a escena para representala na aula.



Limpeza de sangue Escena 2

DON ANSELMO: O que non pode ser é que algúns esteamos arriscando o nome para sacar catro pesos. Cada vez somos máis a repartir e son menos os beneficios. E isto ten que empezar dende abaixo, evidentemente.

PANTALEÓN: Claro que si, pero eu non podoo levar todos os asuntos pola miña conta, e o inspector que contrataron este trimestre non quere participar.

DON ANSELMO: Iso é pasado, díxencho por teléfono. Cando se lle acaba o contrato?

PANTALEÓN: Antes do verán.

DON ANSELMO: Pois non se lle renova, faise todos os días en centos de empresas. Non é fácil?

PANTALEÓN: Non tanto, o director da oficina foi quen o recomendou. Ademais fai falta persoal, estamos inspeccionando moi preto do límite mínimo. Se reducimos o número de parámetros controlados imos ter problemas que xa non van poder resolverse dentro da empresa.

DON ANSELMO: Coñeces alguén que se poida adaptar ao posto e, sobre todo, ás circunstancias?

PANTALEÓN: Agora mesmo non se me ocorre ninguén.

DON ANSELMO: Pois temos que aumentar a túa carga de traballo.

PANTALEÓN: Estou...!

DON ANSELMO: Déixame rematar! E tamén a túa porcentaxe. Ou tes algunha idea mellor?

PANTALEÓN: Si.

DON ANSELMO: A ver.

PANTALEÓN. Por iso lle dixen que tiñamos que vernos.

DON ANSELMO. Pois aquí me tes. Estou escoitando.

B. Cal foi a mellor representación?

Limpeza de sangue Escena 1

CLEMENTE: Que pasa, neno? Viches un fantasma?

FERNANDO: Case, case. Como che vai?

CLEMENTE: Veña, colle. De balde, por ser o primeiro.

FERNANDO: Dende cando estás fóra?

CLEMENTE: Hai xa dúas semanas.

FERNANDO: E onde estiveches metido?

CLEMENTE: Aquí.

FERNANDO: Nin baixaches a dicir ola.

CLEMENTE: Nin ti subiches. E estamos á mesma distancia.

FERNANDO: Non sabía que estabas fóra. Eu ademais non subo para nada.

CLEMENTE: Si que baixei, neno. Pero non estabas. Falei con Mucha. E vin a pequena. Está moi curriña.

FERNANDO: Esa tía está fodida da cabeza, non me dixo nada.

CLEMENTE: Pasaríaaselle.

FERNANDO: Pasaría, si.

CLEMENTE: Onde te metes ti, a que andas?

FERNANDO: A nada. Estaría no hospital cando viñeches. Teño que ir tres veces á semana.

CLEMENTE: O bicho? Eu tamén. Pero paso de médicos. Pastillas e ao carallo. Nin penso niso. É o mellor.

FERNANDO: Non, non é o bicho. É unha historia do ril. Paso horas enganchado a un maquinucho.

CLEMENTE: Traballas?

FERNANDO: Non. Estou buscando. Así.

Limpeza de sangue Escena 5

ALICIA: Ola, Carme. Moi cedo chegaches.

MUCHA: Dixéchesme que viñésemos ás oito e media e xa son as nove menos cuarto.

ALICIA: Ai, pois si. Esquecín avisarvos. E creo que don Luís non te vai atender, está con outro paciente novo e vai tardar. Pero se non queres esperar moito non te preocupes, que en canto remate isto xa che digo eu os resultados. E logo Fernando non veu?

MUCHA: Non.

ALICIA: Non estará ingresado?

MUCHA: Non.

ALICIA: Estaba ocupado?

MUCHA: Non sei onde está. Supoño que na da súa nai.

ALICIA: E logo?

MUCHA: Discutimos.

ALICIA: Don Luis, está aquí a muller de Fernando... Fernando Sánchez, o... Fernando Sánchez... Ese. Quere que espere ou podoo mirarlle eu as analíticas? Ahá. Non. Vale.

ALICIA: Está aberto.

MUCHA: Abrino eu.

ALICIA: Pois moi malo.

MUCHA: Que máis ten, non entendo nada.

ALICIA: Para iso está o persoal sanitario. Se todo o mundo entendese as analíticas nós estabamos no paro. Ou ti non sabes dar vez por teléfono e apuntar nunha axenda? Oh. Aquí saen algunhas cousas estrañas.

MUCHA: Si.

ALICIA: Quero dicir que hai índices que poden ser provocados pola súa doenza ou ser efecto dalgún axente externo.

ALICIA: Sabes se recaeu ultimamente?

8. OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE

Aquí tes a sinopse, o primeiro acto e o final da primeira peza das tres que forman esta obra teatral de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Tras lelos, imaxínade unha escena desta obra e escribídea en pequenos grupos. Na nota da dereita, atoparedes algunhas suxestións por se non sabedes moi ben sobre que escribir.

- Saturio, o Boticario tenta namorar con Lela, unha moza nova.
- A Morte, disfrazada de mendicante, pídlle ao boticario un remedio para curar a súa doenza: namorouse dunha rapaza nova.
- Lela e o Caribineiro namoran diante das mulleres da vila.
- Saturio morre e conversa coa Morte sobre os consellos desta.



OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE

Foi estreada en 1941 en Bos Aires e é, posiblemente, a obra teatral galega máis representada.

Sinopse: Saturio, vello boticario, dá en namorar con Lela, unha moza guapa e engaiolante. Lela, aínda que se entende co Caribineiro, dílle que o ha de pensar malia que recea do que poidan pensar as irmás solteiras do boticario. A Morte, disfrazada de mendicante, visita a botica e dílle a Saturio que anda con mal de amores, por ser vello e namorar unha rapaza nova. Saturio non quere entender o consello e ao final da peza morre queixándose á Morte de que non o avisase a tempo.

LANCE PRIMEIRO

Personaxes

- O BOTICARIO *Vello namorado, que ten, ademais, a desgracia de chamarse Saturio.*
- LELA *Moza requeitada na súa propia malicia.*
- O CARABINEIRO *Catador de lupanda, disposto a unha nova vida.*
- AS IRMÁNS DO BOTICARIO *Catro ánimas do purgatorio, envrulladas en roupa negra.*
- A MORTE *O máis tirán de todos, disfrazado de mendicante.*
- MULLERES *Dez bocas con alferrón.*

Tódolos persoaxes levan careta.

ESCENA I

A escena desenrólase na botica. Cando se ergue o pano, aparece Lela debruzada no mostrador, apreixando unha botelliña na man, e o boticario –tamén debruzado– a falar con Lela. Trátase de representar un palique amoroso.

LELA Eu non sei que me dá este home... porque xa fai moito tempo que debía estar na casa.

O BOTICARIO Pois calisquera día douche un feitizo de namorar e vólvoche toliña. ¡Como me chamo Saturio que o fago!

LELA ¡Eso sería unha traiduría...!

O BOTICARIO ¡Así Deus me salve como che reviro o sentido cun bebedizo!

LELA ¡Con non tomar xaropes desta botica...!

O BOTICARIO Tamén que podo dar polvos seguidores, ou píldoras de malicia, que son máis ardentes.

LELA ¡Vaites, vaites con Don Saturio, que quer chegar polo atallo...! ¿! entón, vostede xa non atopa maneira de me namorar polas boas...?

O BOTICARIO Os peixes e as mulleres cóllense con artimañas. ¡E como eu xa vou indo algo vello...!

LELA Un vello raposo e con moita experiencia; pero a min non me colle, non. Se fose un boticario legal e honrado... veríamos.

O BOTICARIO Pois... queréndome polas boas xa non che fago a traiduría. ¡Ti escolle!

LELA Tanto como querer aínda non o dixen eu; pero, ¡quen sabe...!

Desprecei moitos mozos –¡ai, eso si!– porque os amoríos gastan o corazón e chuchan o siso. A min gustaríame un home... un home...

O BOTICARIO Un home feito e dereito, con cabeza ben asisada.

LELA Para casar non me levaría ningún tulitates.

O BOTICARIO Entón eu son o tal.

ESCENA VII

(...)

TODAS ¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡¡Saturio!!

A música vaise afastando. As irmás do boticario a penas teñen folgos para choraren enroquecidas.

IRMÁN 1ª ¡Adeus para sempre, quentura do noso inverno!

IRMÁN 2ª ¡Adeus para sempre, puntal da nosa vellez!

IRMÁN 3ª ¡Adeus para sempre, pan e viño da nosa mesa!

IRMÁN 4ª ¡Adeus para sempre, botica dos nosos pesares!

As catro irmás do boticario fican esmorecidas no peitoril das fiestras, saloucando as derradeiras verbas de despedida.

TODAS *En desorde.* Adeus irmán! Saturio! Saturio! Adeus para sempre! Irmanciño querido! Adeus! Adeus!

A música xa está lonxe.

Cae o pano



Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo 1886- Bos Aires 1950), fillo de mariñeiro, foi o grande intelectual de Galicia e un artista comprometido e polifacético, xa que cultivou o debuxo, a caricatura, o ensaio e a narrativa. Aínda que naceu en Rianxo en 1890, emigrou a Arxentina coa súa familia. Volveu, non obstante, a Galicia e estudou Medicina na Unversidade de Santiago de Compostela, malia que apenas exerceu a profesión.

En 1912 adheriuse ao movemento Acción Gallega e comezou a colaborar cos xornais

El Liberal, El Gran Bufón ou *La Ilustración Gallega y Asturiana* entre outros. En 1916 foi un dos fundadores das Irmandades da Fala e en 1920 fundou a revista *Nós*, xunto con Vicente Risco e Otero Pedrayo. Seis anos máis tarde foi nomeado académico da Real Academia Galega.

En 1936 foi elixido por segunda vez deputado e participou activamente na elaboración do Estatuto de autonomía de Galicia que foi aprobado ese mesmo ano. Coa chegada da ditadura exiliouse en 1940 en

Bos Aires, onde morreu o 7 de xaneiro de 1950. Os seus restos mortais foron trasladados en 1984 ao Panteón de Galegos Ilustres.

Alén da súa actividade como debuxante, publicou as obras narrativas *Un ollo de vidro, Cousas, Retrincos* e *Os dous de sempre*. No teatro publicou en 1941 *Os vellos non deben namorarse*, pero fundamentalmente, é coñecido polo seu ensaio *Sempre en Galiza* (1944), texto de referencia do nacionalismo galego.

9. MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA

A. Asistiches algunha vez a algún certame teatral? Lembras ver algunha obra que che gustase moito?

B. Le o programa dun dos días da Festa Internacional de Teatro de Ribadavia. Cal das tres obras che gustaría ver? Explicallo ao teu compañeiro.

*A min gustaríame ver a peza **Sen tren**, porque me gustan as obras onde se mesturan varias historias...*

C. Coñeces algunha das compañías teatrais que participan? E algunha outra que non figure neste folleto? Se queres, busca información sobre unha compañía teatral galega e fai unha presentación na clase sobre ela.

D. Agora, en grupos de tres, ides idear unha obra de teatro. Para participar no concurso debedes enviar o elenco de personaxes e o resumo da obra. O xurado decidirá cal é a obra gañadora e xustificará o seu veredicto en función dos criterios.



Ás 18:00 h na praza Maior

Teatro de Ningures - *Bailadela da morte ditosa* Galicia

Autor: Roberto Vidal Bolaño. Con Fran Paredes, Sonia Rúa, Mónica Camaño, Pepa Barreiro, Santiago Cortegoso, Salvador del Río, Casilda García. Dirección: Etelvino Vázquez.

Bailadela da morte ditosa presenta seis encontros coa morte noutros tantos cadros. Son citas procuradas sempre polas personaxes e por diferentes motivos: adiantar a propia morte para fuxir do sufrimento, achegarse a ela para matar a soidade ou o fracaso, abrazala para alimentar outra vida ou acabar nos seus brazos como remate natural dun camiño xa andado.

Ás 21:00 h na Igrexa da Madalena

Os Containers - *Sen tren* Galicia

Atores: Alba Pazos, Fran Riveiro, Fran Godón, Alda Lozano. Dirección: Alda Lozano. Texto: AlbAdA-ccAdAbrA.

Sen tren é unha obra coral, pequenas fotos anecdóticas de coincidencias, de encontros e despedidas, de destinos bloqueados, de amor ou sentimentos que se lle parecen, de medos, historias de vidas marcadas pola espera, pola busca entre vías baleiras.

Ás 23:00 h no Castelo

Centro Dramático Galego - *Estigma* Galicia

Autoría: Jacobo Paz, Rubén Ruibal e Vanesa Sotelo. Dirección: Dani Salgado. Elenco: Xavier Deive, Xosé Manuel Esperante, Clara Gayo, Vicente de Souza, María Tasende.

Na illa volcánica de Estigma a vida vese ameazada polas pegadas do pasado. A desconfianza aniña no seo dunha parella, dous irmáns afrontan o destino que levan marcado na pel, unha persoa acabada de chegar investiga un masacre, e do remoto continente chega un descoñecido, nunha trama chea de suspense.

10. REGUEIFANDO

A. Sabes o que é a regueifa? Le o seguinte texto e coméntao cos compañeiros.

A regueifa

A dramatización como expresión artística e como elemento lúdico ten unha tradición secular, dende os albores do teatro, ata a representación dialogada de pasaxes bíblicas ou históricas. Pero tamén a mestura de diálogo dramático con ritmos musicais se remonta a épocas pretéritas.

En Galicia son moitas as expresións deste tipo das que se ten noticia, sempre relacionadas coa cultura popular. Pero o exemplo máis singular desta conexión entre diálogo e ritmo é a regueifa. Esta modalidade dialogada é unha disputa discursiva oral na que dúas persoas improvisan as súas intervencións e acomodan o parlamento ao do adversario. Malia a súa orixe remota –cífrase nas civilizacións romanas ou incluso celtas–, sobrevive aínda hoxe en día, aínda que con diferente función social á que lle deu o esplendor, xa que a regueifa era un bo elemento para alegrar as vodas e, ante todo, para amenizar as tarefas do campo, que adoitaban terminar coas disputas dialécticas improvisadas.

Neste sentido non resulta moi diferente a outras modalidades de expresións musicais curmáns como pode ser o hip-hop ou rap ou as disputas dialécticas dos *troveros* cubanos ou andaluces. E, ao igual que estas últimas, a regueifa trascendeu o ámbito popular, para converterse nunha arte, que en Galicia se está a recuperar. Unha boa mostra disto é a iniciativa do Centro Cultural e Veciñal de

Valadares, no concello de Vigo, que leva xa máis dunha década organizando o Certame Internacional de Improvisación Oral, no que lles dan cabida ás modalidades antes referidas, por suposto, cun protagonismo importante para a regueifa.

E como a regueifa é tamén un importante exercicio de creatividade, tamén en Valadares, idearon o I Certame de Regueifas para alumnos de secundaria. Os seus promotores, os coñecidos regueifeiros Luís Caruncho e Pinto de Herbón consideran que é un boa actividade para que os rapaces exerciten o enxeño e a lingua. Nin que dicir ten que todas estas iniciativas teñen como pretensión consolidar e divulgar as diferentes modalidades de improvisación oral como expresións artísticas e que teñen os referidos regueifeiros, Pinto de Herbón e Luís Caruncho, así como o polifacético musicólogo Xurxo Souto, como algunhas das personalidades máis destacadas na actualidade.

Así é que a regueifa vai ocupando cada vez máis ámbitos do espazo cultural e, sen renunciar á súa natureza autóctona e popular, a miúdo termina mesturándose con xéneros semellantes. Deste xeito, xa non adoita ser nada extraño escoitar regueifas a ritmo de rap e rap a ritmo de regueifas. Todo sexa por botarlle un pouco de teatro á vida.



B. Buscade exemplos de regueifas en Internet. Atereiriádesvos logo a improvisar unha na clase? Tamén poderdes escribirla antes.